

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA,  
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 30.01.2018

Hora: 10:30

25 XAN. 20'3

Núm. 7044

A Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de xaneiro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 18993 (10/POC-003124)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa pretensión de Gas Natural de desmantelar a instalación de almacenaxe de GLP na urbanización da Barcala, no concello de Cambre, así como as medidas que vai adoptar respecto da veciñanza afectada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017*
- 1.2 21962 (10/POC-003553)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Casal Vidal, Francisco  
Sobre o sector das industrias extractivas, enerxía, auga e residuos e os datos publicados na Estatística de Multilocalización Empresarial  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*
- 1.3 22048 (10/POC-003588)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis  
Sobre o impacto económico que tería a renovación da flota pesqueira de altura nos estaleiros galegos e a existencia dunha estratexia por parte da Xunta de Galicia neste sentido  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 18282 (10/PNC-001489)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, a través do Inega, dun informe

25 XAN. 2013

Núm. ....7044.....

no que se avalíen as posibles repercusións para Galicia das modificacións previstas polo Goberno central no sistema de poxa do servizo de interompibilidade da subministración eléctrica, así como unha avaliación das condicións e cambios precisos para garantir unha maior estabilidade para a industria, certeza xurídica e planificación a medio prazo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017*

- 2.2 20094 (10/PNC-001635)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a suba dos prezos dos combustibles que se está a producir en Galicia en relación co conxunto de España  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017*
- 2.3 22250 (10/PNC-001808)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco e 2 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e O Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondiente autorización de Augas de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241, do 17.01.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández, na data 25/01/2018 13:39:07**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

## Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1.       Preguntas

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 30.01.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 18993(10/POC-003124)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa pretensión de Gas Natural de desmantelar a instalación de almacenaxe de GLP na urbanización da Barcala, no concello de Cambre, así como as medidas que vai adoptar respecto da veciñanza afectada

*Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/10/2017 16:55  
Nº Rexistro: 18993  
Data envío: 18/10/2017 16:55:05.875

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Gas Natural pretende desmantelar a instalación de almacenamento de GLP que da servizo á urbanización A Barcala, no concello de Cambre, para substituíla por gas cidade. Unha pretensión que se realiza sen informar aos veciños e veciñas afectados/as. Por outra banda, esta empresa desenvolveu unha campaña moi agresiva entre os veciños e veciñas para “obrigalos” a cambiar o propano polo gas cidade, ofrecendo o cambio de caldeiras de forma gratuíta e incluso chegando a ameazalos con deixar sen servizo se non cambiaban para gas cidade.

Diante disto, constituíuse unha plataforma de afectados/as que levaron adiante unha campaña de recollida de sinaturas para opoñerse á pretensión de Gas Natural, e organizou unha manifestación neste sentido o pasado 19 de setembro.

Por todo o dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cal é a posición da Xunta a respecto da pretensión de Gas Natural que afecta aos veciños e veciñas da urbanización A Barcala (Cambre)?



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/10/2017 16:55**  
**Nº Rexistro: 18993**  
Data envío: 18/10/2017 16:55:05.875

- Que medidas de apoio vai adoptar a Xunta de Galicia con respecto aos veciños e veciñas afectadas?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2017 16:53:32**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2017 16:53:37**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2017 16:53:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2017 16:53:41**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/10/2017 16:55**  
**Nº Rexistro: 18993**  
Data envío: 18/10/2017 16:55:05.875

**Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2017 16:53:42**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2017 16:53:43**

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 21962(10/POC-003553)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Casal Vidal, Francisco

Sobre o sector das industrias extractivas, enerxía, auga e residuos e os datos publicados na Estatística de Multilocalización Empresarial

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2018 10:37  
Nº Rexistro: 21962  
Data envío: 02/01/2018 10:37:04.186



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.<sup>a</sup>**.

O IGE vén de publicar a denominada Estatística de Multilocalización Empresarial. Tal estatística trata de avaliar as características e de cuantificar a actividade en Galicia das empresas con sede noutras Comunidades Autónomas.

Os datos globais acadados indican que as empresas foráneas que manteñen actividade no sector industrial en Galicia no ano 2015, representaban o 34,1% do volume de negocio de tal sector.

No tocante ao emprego, estas empresas ocupan o 12,9% dos traballadores de empresas con actividade en Galicia.

Mais a través destas estatísticas, pódense observar outros datos máis específicos que poñen en evidencia as políticas económicas que segue a reforzar coas súas decisións a Xunta de Galicia en determinados sectores.

Deste xeito, a Estatística de Multilocalización Empresarial, amosa que no sector de industrias extractivas, enerxía, auga e residuos, as empresas foráneas representaban no ano 2015 o 82% do total do volume de negocio do sector, o 53% do total do emprego, e o 66% do investimento en activos materias. Polo tanto, mentres as empresas foráneas absorben a práctica totalidade dos beneficios xerados, o investimento e o emprego que producen está moi por debaixo do volume de negocio que manteñen.



Pero ademais hai que ter en conta que non é só que xeren menos emprego do que deberían xerar, senón que o emprego que representa este sector en Galicia con respecto ao total resulta ser moi baixo. O IGE indica que nestes tres sectores traballaban no terceiro trimestre do ano 2017 un total de 17.000 persoas, o que significa o 1,5% do total do número de ocupados en Galicia.

Así pois, estes datos poñen de manifesto que mentres que o territorio galego absorbe tódalas externalidades negativas promovidas polo sector de industrias extractivas, enerxía, auga e residuos; alto impacto medioambiental e social e baixa capacidade de emprego, a practica totalidade dos beneficios correspóndenlle a empresas foráneas.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos datos proporcionados pola Estatística de Multilocalización Empresarial?
2. Como valora a Xunta de Galicia que o 82% do volume de negocio do sector de minería, enerxía, auga e residuos, se corresponda con empresas foráneas?
3. Como valora a Xunta que os beneficios económicos xerados neste sector, non teñan practicamente ningún impacto no territorio galego?
4. Cre o actual goberno de Galicia que a súa política neste sector xera algún impacto positivo na sociedade e no territorio?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/01/2018 10:37  
Nº Rexistro: 21962  
Data envío: 02/01/2018 10:37:04.186



5. Cre o actual goberno de Galicia que a súa política é válida para desenvolver un territorio?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Francisco Casal Vidal

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 02/01/2018 09:58:58**

**Francisco Casal Vidal na data 02/01/2018 09:59:02**

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 22048(10/POC-003588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre o impacto económico que tería a renovación da flota pesqueira de altura nos estaleiros galegos e a existencia dunha estratexia por parte da Xunta de Galicia neste sentido

*Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Losada Alvarez , José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fai case un ano, nun contexto de dificultades obxectivas para o sector da construción naval civil, os socialistas subscribimos a idea lanzada polo presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi), no transcurso da presentación das xornadas técnicas da sexta edición de Navalía, para que a renovación da flota galega de altura que faena en caladoiros de terceiros países a través de empresas mixtas, se realizara na medida do posible en estaleiros galegos. Esta proposta foi rexeitada no seu momento polo Partido Popular no Parlamento de Galicia.

As oportunidades de negocio, a pesar dos escasos reflexos da Xunta de Galicia, seguen aí. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) ten en carteira proxectos para construír unha decena de buques pesqueiros, na que sería a segunda oleada para a renovación da flota en Vigo despois da anunciada na pasada edición de Conxemar. O montante total de este megaproxecto supera os 100 millóns de euros.

É un feito manifestado en moitas ocasións que a flota viguesa está a perder terreo fronte aos países asiáticos, de forma que xa só representa o 0,5 % das capturas a nivel mundial, e que a media de idade dos buques supera amplamente o trinta anos, polo que é "urxente" abordar a súa renovación para seguir sendo competitivos.

Neste contexto, en tendo en conta as declaracións do conselleiro Francisco Conde subliñando que o futuro do naval pasa pola innovación e pola diversificación, como o único camiño ao éxito, pensamos que é o momento de que a Xunta de Galicia se comprometa con apoio institucional e orzamentario.



Temos que ser conscientes que case a metade dos pesqueiros rexistrados en Galicia superan os 30 anos de antigüidade, que ten de media a flota na Unión Europea. A pesca é o osíxeno dos pequenos estaleiros, que teñen na actualidade ao menos quince pesqueiros en carteira, desde palangreiros de superficie a superarrastreiros de 80 metros de eslora, con un valor total aproximado superior aos 250 millóns de euros.

Trátase de atopar fórmulas que aseguren a renovación da flota pesqueira nos estaleiros da comunidade, tendo en conta os datos que deben axudar a valorar a importancia de este segmento de actividade para o sector da construción e reparación naval.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten avaliado a Xunta de Galicia neste último ano o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros?
2. En caso de non ser así, ten pensado facelo?
3. Si xa se ten producido algunha xuntanza, cal é a posición da Xunta de Galicia a hora de apoiar a este sector ante as anunciadas posibles inversións da flota pesqueira de altura?
4. Ten algunha estratexia definida a curto e medio prazo?
5. Cales serían as liñas de apoio principais que conformarían esta estratexia?
6. Ten mantido contacto cos diversos organismos do Goberno de España que se poderían involucrar no proxecto?
7. E cos organismos europeos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
José Manuel Pérez Seco  
María Dolores Toja Suárez  
Julio Torrado Quintela  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/01/2018 12:37  
**Nº Rexistro: 22048**  
Data envío: 03/01/2018 12:37:11.307



---

 Grupo Parlamentario

---

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:14:30**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:14:35**

**María Dolores Toja Suárez na data 03/01/2018 12:14:40**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:14:46**

Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 30.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 30.01.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 18282(10/PNC-001489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, a través do Inega, dun informe no que se avalíen as posibles repercusións para Galicia das modificacións previstas polo Goberno central no sistema de poxa do servizo de interrompibilidade da subministración eléctrica, así como unha avaliación das condicións e cambios precisos para garantir unha maior estabilidade para a industria, certeza xurídica e planificación a medio prazo

*Publicación da iniciativa, 191, 11.10.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/10/2017 11:25  
Nº Rexistro: 18282  
Data envío: 05/10/2017 11:25:29.565

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

Coñecemos como interrompibilidade ao mecanismo de xestión da demanda de enerxía empregado para dar unha resposta rápida ás necesidades do sistema eléctrico de acordo a criterios técnicos e económicos que consiste en reducir a potencia activa demandada en resposta a unha orde emitida polo operador do sistema, Red Eléctrica.

A lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico recolle no seu artigo 49 sobre a xestión da demanda a potestade da Administración para adoptar medidas, entre as que se recolle a prestación do servizo de interrompibilidade xestionado polo operador del sistema que incentiven a mellora do servizo e a eficiencia e aforro enerxéticos, podendo dar o cumprimento dos obxectivos previstos en ditas medidas ao recoñecemento dos custos para a posta en práctica.

Segundo a normativa relativa ao mecanismo competitivo de asignación da demanda de interrompibilidade (Orde IET/2013/2013 e sucesivas modificacións) o carácter interrompíbel asígnase mediante un procedemento de poxas que organiza e leva a cabo o propio operador do sistema.

Recentemente, o goberno central fixo público para alegacións un proxecto de orde que modifica a anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade que ten espertado as alertas na



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/10/2017 11:25  
Nº Rexistro: 18282  
Data envío: 05/10/2017 11:25:29.565

industria electrointensiva e que abre diferentes incógnitas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade.

Entre outras mudanzas, segundo o novo borrador, a pretensión do goberno central é que os bloques de interrompibilidade adxudicados na poxa prevista para comezos de 2018 só cubra a duración de cinco meses, ate maio de 2018, en lugar dun ano enteiro. Así mesmo, tamén introduce mudanzas no sistema de pago, introducindo unha parte variábel, e no propio procedemento de poxa, cuxo custo recaerá nas empresas adxudicatarias da poxa.

Debido ás consecuencias que estes cambios poden ter na industria galega, este Grupo Parlamentar presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza á elaboración, a través do INEGA, dun informe no que se avalíen as posíbeis repercusións para Galiza das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade por parte do goberno central así como unha avaliación das condicións e mudanzas precisas para garantir unha maior estabilidade para a industria, certeza xurídica e planificación a medio prazo que favoreza a atracción de investimentos e a consolidación do emprego.”

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/10/2017 11:25  
Nº Rexistro: 18282  
Data envío: 05/10/2017 11:25:29.565

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2017 11:18:52**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2017 11:19:12**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/10/2017 11:19:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/10/2017 11:19:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2017 11:19:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2017 11:19:31**

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 30.01.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 20094(10/PNC-001635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a suba dos prezos dos combustibles que se está a producir en Galicia en relación co conxunto de España

*Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

### Exposición de motivos

A pesares da intensa actividade do “*Departamento de Publicidade e Propaganda*” da Xunta de Galicia en relación coa súa “incansable” actividade para vixiar os incrementos do prezo de combustible en Galicia, os resultados teñen sido moi escasos.

Dende que comezou a caída do prezo de petróleo ata a actualidade, en que comeza de novo a medrar, os socialistas vimos denunciando sistematicamente as estratexias empresariais que prexudican os intereses, tanto dos cidadáns, como do propio tecido económico do país, xa que o prezo dos combustibles, e polo tanto do transporte por estrada, é un elemento moi importante da competitividade do país.

Agora que o prezo do petróleo está repuntando, tódolos indicios mostran que esta subida está a ser trasladada con inmediatez e forza aos consumidores finais. De feito, vimos asistindo dende hai anos a unha estratexia das empresas comercializadoras de combustibles derivados do petróleo, e que as autoridades de competencia non son quen de evitar, que impide que a diminución do prezo do cru se traslade aos consumidores con rapidez, tanto a familias como a empresas; pero consegue que os incrementos do petróleo o fagan con celeridade.

O Goberno galego anunciou, xa nos primeiros momentos en que o petróleo comezaba o seu descenso, que estaba a desenvolver accións intensas dende o ámbito de protección aos consumidores; pero o certo é que mentres o petróleo baixou, este descenso trasladouse moi lentamente aos prezos ás persoas consumidoras.





 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pero o incremento actual do prezo do petróleo, así como a mera previsión dun incremento do consumo de combustible no inverno fai que o seu prezo continúe aumentando con forza no conxunto de España, pero especialmente en Galicia, a comunidade autónoma peninsular onde máis o fai.

E mentres isto acontece, os órganos de control da competencia continúan enfrascados en incomprensibles loitas de poder que diminúen a súa eficacia. Así, xa en maio deste ano, anunciouse que a *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) estreitaría e potenciaría a colaboración coa Xunta de Galicia para acabar cos prezos diferenciais de combustible en Galicia respecto ao resto de España.

Aínda que o Executivo autonómico anunciou que enviaba á CNMC un informe xa en 2014 no que pedía que investigase o maior prezo do combustible nas provincias galegas, antes de impostos, respecto a media a pesar de que Galicia conte con unha das refinerías, os resultados teñen sido nulos.

Os derradeiros datos coñecidos mostran que os prezos do combustible en Galicia, continúa sendo máis alto que no resto das comunidades peninsulares. Como exemplo, o diésel, que ten o maior efecto na competitividade do conxunto da economía sufriu no último mes deste ano o maior incremento nos últimos trinta meses, a un ritmo que duplica o da media estatal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Presentar un paquete de novas medidas que contribúa a evitar o forte incremento dos prezos dos combustibles que se está a producir en Galicia fronte ao conxunto de España.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Reforzar e mellorar os mecanismos de control e defensa da competencia e dos consumidores no marco das competencias autonómicas.

3. Estreitar e potenciar a colaboración coa *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) para eliminar os diferenciais nos prezos de combustible en Galicia respecto ao resto de España.

4. Demandar a *Comisión Nacional de Mercados y la Competencia* (CNMC) que tome as medidas necesarias, iniciando os expedientes necesarios, para evitar as discriminatorias diferencias nos prezos dos combustibles que se están producindo en Galicia.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
José Manuel Pérez Seco  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/11/2017 13:43:06**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/11/2017 13:43:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/11/2017 13:43:17**

**Reunión da Comisión 6.<sup>a</sup>, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Día: 30.01.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 22250(10/PNC-001808)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e O Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondiente autorización de Augas de Galicia

*Publicación da iniciativa, 241, 17.01.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na Comisión 6.<sup>a</sup>, relativa ás sondaxes que realiza a empresa “Sociedad Cobre San Rafael, S.L.” nos concellos de Touro e O Pino.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma Veciñal “Mina Touro-O Pino Non” fainos traslado destes asuntos que facemos nosos:

En relación ás sondaxes e prospeccións mineiras que realiza a empresa “Sociedad Cobre San Rafael, S.L.” nos concellos de Touro e O Pino, constátase o seguinte:

1.- Ausencia dun estudo hidrolóxico e xeotécnico que permita identificar claramente as fontes, cauces, cursos de auga, etc., existentes na área de realización das labores mineiras. A falla destes estudos implica un risco inminente para os acuíferos subterráneos e a capa freática. Calquera alteración da capa freática produciría unha alteración dos cauces e dos mananciais próximos. Unha capa freática é unha acumulación de auga subterránea que se atopa a unha profundidade relativamente pequena baixo o nivel do chan. Concretamente é un acuífero, coa diferenza de que os acuíferos poden estar tamén a maiores profundidades. Como queira que os lugares onde se realizan as sondaxes en xeral están próximos a regatos, cauces e fontes, existe un risco probable e inminente de



alteración das augas empregadas para o subministro humano. De feito a empresa non identificou os mananciais que están a ser usados para abastecemento humano e gandeiro, polo que as probabilidades da súa afectación son bastante evidentes. Delas aliméntanse os pozos e as fontes de auga, potable ou non. Son os acuíferos máis expostos á contaminación proveniente da superficie. Para a maioría dos cultivos agrícolas e gandeiros a capa freática debe atoparse a certa profundidade, porque a profundidades menores o rendemento redúcese, polo que podería verse afectada a rendibilidade das terras agrícolas e gandeiras co conseguinte prexuízo para as cabanas gandeiras e explotacións agrícolas. Polo principio de precaución en materia medioambiental solicítase a suspensión temporal das sondaxes en tanto en canto non se dispoña dos correspondentes estudos que permitan garantir ás comunidades o abastecemento de auga.

2.- Ausencia de autorización de Augas de Galicia para o emprego de auga nas sondaxes que se están a realizar.

3.- Falla de seguridade na realización das sondaxes e ausencia dun perímetro de seguridade, o que implica a existencia dun risco inminente de calquera accidente.

4.- A falla dun estudo xeotécnico supón o risco de desprendemento de noiros.

5.- Ausencia de medidas correctoras de mitigación de desprendementos e accidentes.

6.-Falla de sinalización adecuada das labores mineiras.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte

**Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/01/2018 11:19  
Nº Rexistro: 22250  
Data envío: 05/01/2018 11:19:48.422



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Suspender cautelarmente as sondaxes mineiras que se están a realizar e demais labores en tanto en canto non se garanta a viabilidade dos acuíferos, pozos, cauces, fontes e demais recursos hídricos que abastecen á poboación, á cabana gandeira e ás explotacións agrícolas.
- 2.- Exixir a adecuada sinalización das labores mineiras, fixación de perímetros de seguridade, e o aseguramento dos noiros.
- 3.- Decretar a suspensión inmediata das labores mineiras mentres que a empresa non dispoña de autorización de Augas de Galicia para a realización de sondaxes mineiras, en tanto que esta actividade require de título específico habilitante ao efecto, e ausencia de autorización de verquido.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,  
Marcos Cal Ogando  
Antón Sánchez García  
Deputados do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 05/01/2018 11:17:59**

**Marcos Cal Ogando na data 05/01/2018 11:18:25**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/01/2018 11:19**  
**Nº Rexistro: 22250**  
Data envío: 05/01/2018 11:19:48.422

**Antón Sánchez García na data 05/01/2018 11:18:36**

**Luis Villares Naveira na data 05/01/2018 11:18:45**